

O marco normativo establecido para as titulacións oficiais polo Real decreto 1393/2007, do 29/10/2007, establece a existencia dun Sistema de Garantía da Calidade (SGC) como un dos criterios que deben cumprir os novos títulos oficiais de grao, mestrado e doutoramento.

A posta en marcha do programa FIDES-AUDIT por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia permitiulle á Universidad da Coruña (UDC) deseñar os SGC para a súa avaliación e posterior certificación da implantación para todos os seus centros.

A incorporación dun responsable de calidade aos equipos directivos dos distintos centros supón un paso máis na consolidación dunha rede institucional que garanta o seguimento das titulacións e permita avanzar cara á mellora da calidade da nosa oferta académica, garantía da mellor formación dos titulados da UDC. Neste novo escenario acometéronse reformas estruturais da distribución do persoal de administración e servizos (PAS), cunha nova asignación de funcións entre as distintas unidades e axentes responsables.

Todo o anterior fai oportuno actualizar a composición da Comisión de Garantía de Calidade (CGC) dos SGC dos centros.

Para tal efecto, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente establece que os SGC dos centros reflectan nas súas CGC a seguinte composición:

- Presidencia: decano/a ou director/a
- Vicepresidencia: persoa responsable de calidade
- Secretario/a: secretario/a académico do centro, que actuará como secretario/a da comisión
- Vogais:
  - Coordinadores/as dos títulos oficiais de grao e mestrado
  - Administrador/a ou persoa da Administración ou Unidade de Xestión Académica Integrada (UXAI) responsable da xestión administrativa das titulacións do centro en quen delegue
  - 2 representantes do PDI do centro, designados pola Xunta de Centro
  - 2 representantes dos estudantes, designados pola Xunta de Centro
  - 1 representante do PAS do centro, designado pola Xunta de Centro

Esta proposta constitúe a composición mínima da CGC do centro, que poderá incrementar o número de PDI, estudantes e/ou PAS que formarán parte da comisión. Unha vez aprobada polo órgano competente do centro, a súa composición incorporárase ao SGC.

Por iniciativa da presidencia da Comisión, poden participar nas reunións como convidadas, con voz e sen voto, persoas que teñan relación directa cos puntos establecidos na orde do día, como persoal da Unidade Técnica de Calidade, egresadas/os, empregadoras/es, etc.

A Coruña, 17 de novembro de 2017

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

<b>Código Seguro De Verificación</b>	4nN06mCvnL+nUXoVEJVw6Q==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Vázquez Veiga	Asinado	20/11/2017 17:41:32
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/1
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/4nN06mCvnL+nUXoVEJVw6Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/4nN06mCvnL+nUXoVEJVw6Q==</a>		

